


**Recensións**  
**Reviews**



**BÁRDOSI, Vilmos (2015): *Szólások, közmondások eredete. Frazeológiai etimológiai szótár.* Budapest: Tinta Könyvkiadó. ISBN 978 963 409 008 3; 746 páxs.**



O 27 de maio de 2015 presentouse en Budapest este dicionario fraseolóxico etimolóxico -DFE de aquí en diante- de Vilmos Bárdosi, publicado por Tinta Könyvkiadó, que se especializa na edición de obras lexicográficas. O autor non é descoñecido para os lectores de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, onde apareceron dous artigos do profesor húngaro (Bárdosi 2009 e 2012) e dous manuais seus foron salientados. No número 6 da revista falei das solucións fraseográficas do *Magyar szólástár*, un dicionario fraseolóxico extenso (Bárdosi 2003). No número 14 do *CFG X*. Ferro tratou o *Diccionario fraseolóxico temático francés-español*, redactado por Bárdosi e González Rey (Ferro 2012), unha análise que retomei no número seguinte (Morvay 2013).

O DFE explica baixo lemas ordenados alfabeticamente en artigos independentes a orixe de 1800 expresións idiomáticas e refráns húngaros. No caso doutras 778 formas, hai unha remisión ao lema baixo o que se encontra documentada a etimoloxía do fraseoloxismo en cuestión. En total, temos, pois, información sobre a orixe de máis de 2500 unidades fraseolóxicas entre as que Bárdosi recolle excepcionalmente tamén sentenzas que os húngaros utilizamos preferentemente nun idioma estranxeiro, como por ex.: *Extra Hungariam non est vita, et se est vita, non est ita* (148). Trátase dun caudal importante xa que, segundo as estimacións de especialistas, o número dos frasemas<sup>1</sup> que se usan realmente en linguas cunha tradición literaria desenvolvida é entre cinco mil e quince mil. Baránov e Dobrovól'skij falan de dez mil expresións (Baránov / Dobrovól'skij 2009: 415) e no mencionado *Magyar szólástár* constan unhas catorce mil. Para poder documentar a orixe do material fraseolóxico reunido, o autor realizou un traballo de Sísifo: ademais de verificar a opinión dos máis importantes autores sobre a súa etimoloxía, baleirou todos

<sup>1</sup> Por motivos estilísticos para falar de todo tipo de combinacións de palabras estables emprego indistintamente o termo frasma, preferido polo autor e fraseoloxismo, denominación da miña preferencia.

os números dos 109 anos das revistas *Magyar Nyelv* e os 142 anos de *Magyar Nyelvr.* As fontes consultadas por Bárdosi son ao redor de 500 publicacións en papel e máis dun centenar de enderezos de Internet (583-627). Pero isto foi só o comezo: aínda faltaba realizar o tratamento fraseográfico axeitado de todas as unidades. Bárdosi, empregando solucións coñecidas do *Magyar szólástár* e do *Diccionario fraseológico temático francés-español*, logrou crear unha obra con informacións múltiples resumidas na introdución. As máis importantes abreviacións e signos aparecen tamén na parte inferior de cada páxina e, ademais, temos senllos cadros no anverso da garda anterior (“Instrucións para o uso”) e no reverso da garda posterior (*A szólások, szólásmondások, szállóigék, közmondások eredet szerinti áttekint táblázata* – “Cadro sinóptico das expresións idiomáticas, ditos, frases célebres, proverbios segundo a súa orixe”).

En canto á súa etimoloxía, segundo Bárdosi, un 60% dos 2500 fraseoloxismos reunidos pertence a unha das seguintes subcategorías: unha parte importante do material fraseolóxico é de orixe bíblica, literaria, histórica ou vén dos devanditos sabios da antigüidade, da mitoloxía grecorromana e da relixión. Este gran grupo adóitase denominar como fraseoloxía cultural, fronte á fraseoloxía natural, un grupo nutrido que comprende expresións que nacen da observación da natureza, da flora e a fauna, do mundo que nos rodea, do comportamento dos animais e dos humanos etc. Os fraseoloxismos formados por un cambio semántico representan un grupo heteroxéneo. Tamén hai moitas unidades que teñen a súa orixe en supersticións, en crenzas populares. Outras tantas veñen prestadas, calcadas de idiomas estranxeiros; no caso do húngaro, principalmente do alemán. Por último queda o grupo das combinacións de palabras estables de orixe incerta. Hai que dicir que entre as categorías de fraseoloxía cultural e natural non hai unha separación infranqueable. Existen frasesmas que poden pertencer a ambos os dous grupos: poden ter orixe natural e aparecer tamén en fontes antigas. Un bo exemplo deste tipo de frasesmas representa unha locución adverbial que se usa en moitos idiomas co significado ‘enteiramente, totalmente’. En español temos: *de pies a cabeza*; en catalán: *de cap a peus*; en éuscaro: *burutik behatzetara* ‘da cabeza ata os dedos dos pés’ e en polaco *od stóp do glów* ‘da planta dos pés ata as cabezas’ (en plural pola rima) etc. O DFE non recolle o equivalente húngaro *tetőtől talpig* ‘do curuto ata a planta do pé’ e, en consecuencia, non documenta a existencia da forma latina *a planta pedis usque ad verticem* que consta xa na Biblia (Hadrovics 1995: 265, punto 252, 2). Coa axuda dos índices podemos localizar no DFE unha afirmación de Marx e Engels que, moi especialmente na tradución húngara, semella aludir a este dito: “*Sie [die Dialektik] steht bei ihm [Hegel] auf dem Kopf. Mann muß sie umstülpen. [A dialektika Hegelnél a fejetetején áll. Talpára kell állítani ‘A dialéctica de Hegel descansa sobre o curuto da cabeza. Hai que colocala sobre a planta do pé’]*” (páx. 160). Bárdosi comenta tamén fraseoloxismos que segundo el, a pesar das aparencias, non son do grupo da fraseoloxía natural. Por ex. a propósito da etimoloxía da locución *a kákán is csomót keres* (‘buscalle tres pés ao gato’; literalmente: ‘buscar nós no xunco’) opina que este dito non podería nacer da observación destas plantas, xa que a maioría das súas variedades si que teñen nós no seu talo e, por iso, considera que esta expresión ten a súa orixe no dito latino *in scirpo nodum quaeris*.

O DFE dispón dun índice detallado que enumera os frasemas recollidos ordenados segundo a súa orixe nunha morea de subcategorías (*Eredet szerinti mutató*, 694-744, información que aparece resumida tamén na páxina 693 e no reverso da garda posterior). Ademais destes, o dicionario dispón doutros índices que son dunha grande axuda para o usuario de fala maxiar, pero non só. Temos un índice onomástico (*Névmutató* 631-657); outro de todo o material fraseolóxico ordenado alfabeticamente segundo o seu primeiro elemento (*Betrendes fraszamutató*, 658-692) e, finalmente, o mencionado índice das etimoloxías, seguido polo “Índice bíblico” (*Bibliai mutató*, 745-746)<sup>2</sup>. Un grande atractivo do DFE son os equivalentes en diferentes idiomas que aparecen ao final dos artigos detrás do signo dun pequeno círculo baleiro ( ). Sen querer ser un dicionario plurilingüe de fraseoloxía e paremioloxía comparada, como o de Gyula Paczolay (Paczolay 2002), Bárdosi reproduce exemplos de 21 idiomas en total (do alemán, checo, croata, danés, eslovaco, esloveno, finés, francés, grego, holandés, inglés, italiano, latín, polaco, portugués, romanés, ruso, serbio, sueco e turco), sempre e cando o significado, os elementos constitutivos e as imaxes contidas nestas unidades coincidan cos do fraseoloxismo húngaro en cuestión. Por exemplo, no caso do proverbio *Nincsen (a) füst tz nélkül* (‘Non hai fume sen lume’), acompañado por unha definición e a combinación de palabras latina da cal puido nacer este proverbio. O autor cita equivalentes en oito linguas máis, sen aspirar a ser exhaustivo como Paczolay que o documenta en 54 linguas. Iso si, ás veces con paremias anticuadas, caídas en desuso hai moito tempo (véxase Morvay 2010 e 2011b). Os equivalentes que proveñen de diferentes idiomas, citados por Bárdosi, foron revisados atentamente. Na páxina 11 o autor menciona os nomes dos colegas que de xeito desinteresado o axudaron na verificación da exactitude dos datos: J. Bańcerowski (polaco e ruso); Gy. Dorogman (español); D. Dzięwońska (polaco); Zs. Fábíán (italiano); L. Nagy (romanés); F. Pál (portugués).

A revisión da corrección de todos os exemplos que aparecen no DFE supera as forzas e coñecementos de idiomas dunha soa persoa, pero para ter unha idea ao respecto repasei os centenaes de equivalentes polacos citados e quedei marabillado. Descontando algunhas faltas cometidas na división de palabras, culpa do corrector automático: *korzyść* (en vez de *ko-rzyść*, p. 95), *doświadczenie* (*doś-wiad-czenie*, 197), *sprawi-edliwych* (*spra-wiedliwych*, 240), *na wi-elką stopę* (*na wiel-ką stopę*, 321), só atopei os seguintes erros: *szara eminencia* (en vez de *szara eminencja*, 141); *ti nie uciecze* (*to nie uciecze*, 281); *jeźli* (*jeśli*, 246); *zroumiały dla wszystkich* (*zrozumiały*, 365); *ujiekają szczury* (*uciekają*, 420); *sprzedawać / siać / skrobać / strugać pietruszke* (*sprzedawać / siać / skrobać / strugać pietru szkę*, 426); *sypać piaskiem* (*sypać piaskiem*, 435). Se un quere ser maximalista, poderíase lamentar de que as locucións verbais polacas ás veces se documentan co verbo en infinitivo e outras na forma de 3ª persoa singular do presente de indicativo; por ex.: *dolewa oliwy do ognia* (páx. 393) e *bierze nogi za pas* (382). Penso que esixir a unificación destes exemplos xa sería demasiado, igual que sería esaxerado reclamar a ordenación de todos os frasemas documentados nun índice segundo o seu

<sup>2</sup> Trátase dunha obra cen por cen *user-friendly*-accesible (‘felhasználóbarát’ na nosa lingua) que, como vexo en Internet, se traduce cunha fórmula pouco exacta: doado de usar.

significado, baixo conceptos semánticos correspondentes, como o fixo o autor co material fraseolóxico contido no *Magyar szólástár* (410-618) que, en liñas xerais, coincide co do DFE. Grazas a este índice puiden encontrar que as expresións húngaras se poden relacionar coas acepcións: *túloz, túlzás, túlzó, túlzott* ('esaxerar, esaxeración, esaxerado, excesivo'). Agora só tería que saber se neste contexto se pode dicir que 'requirir isto xa sería pasarse da raia', ou sería necesario atopar un equivalente fraseolóxico galego máis axeitado. Pero isto xa é fariña doutra muiñada. En resumidas contas: a pesar de todo trátase dunha obra elaborada con moito esmero, paciencia e dedicación. Se non sabes que o profesor Bárdosi ten cargos e obrigas importantes na Universidade Eötvös Loránd de Budapest diría que este dicionario é un verdadeiro traballo beneditino. De paso, noto que esta locución nominal non se arraigou na nosa lingua a pesar de que os bieitos se estableceron en Hungría xa no ano 996. Por conseguinte, o DFE non recolle a sentenza latina *Ora et labora* usada por exemplo, en polaco ata en expresións humorísticas modificadas: *ora et labora i wygldasz jak zmora* ou *Módl se i pracuj a garb ci sam wyronie*. ('*Ora et labora* e parecerás un fantasma'; 'Reza e traballa e a xiba crecerache por si soa' - respectivamente).

Aprendín moito co DFE, entre outros termos novos como o *jelentésmozbanatok* que por fin coa axuda do autor traducín como "cambios semánticos" e a denominación *etnosztereotip nyelvi klisé*, ou sexa "etnoestereotipia", coa que se refire a uns frasemas que atribúen características negativas a certos pobos e nacións. As protestas contra o uso destes ditos son frecuentes ultimamente. Bárdosi acompaña sempre os exemplos deste tipo coa marca correspondente, pero cun criterio acertado non os exclúe da obra. (Véxase ao respecto tamén Morvay 1998). Aquí menciono só un fraseoloxismo que significa 'atragoarse': *cigányútra ment a falat* (literalmente 'o bocado foise ao camiño xitano', 92-93). En polaco dicíase: *polecia w ydowsk dziur* ('caeu no burato xudeu'), pero seguramente se trata dunha forma completamente esquecida, xa que non a encontro documentada en Internet. Nalgúns casos, o fraseólogo húngaro menciona tamén a forma modificada dunha coñecida frase célebre. No artigo dedicado á sentenza *leben und leben lassen*, en húngaro: *élni és élni hagyni* ('vivir e deixar vivir', páx. 131-132) o autor cita a versión humorística *félni és félni hagyni* 'ter medo e deixar que teña medo'. Boto de menos a forma macarrónica que se usa frecuentemente: *leben... és lében hagyni* ('vivir... e abandonar en apuros'). E xa que falamos de modificacións humorísticas, cito a dunha expresión española non recollida no DFE. Á locución húngara *visszafelé sül o (terv, szándék)*, que se traduciría como 'sae ao contrario do que quixo obter' (o proxecto, a intención) (páxs. 136-137), correspóndelle a española '*salir el tilo por la culata*' que, cunha broma xa bastante feita, se adoita modificar en '*salir el culo por la tirata*'.

Nunha entrevista concedida o día da presentación<sup>3</sup>, Bárdosi prometeu continuar a recollida de materiais para unha eventual edición ampliada. Para rematar, permítome sinalar algúns fragmentos que, ao meu xuízo, valería a pena ampliar ou engadir. Na entrevista, o fraseólogo húngaro explicou, entre outros, que non tiña intención de examinar expresións de significado transparente e como un dos exemplos para ilustrar

<sup>3</sup> Véxase: [<http://cultura.hu/szub-kultura/a-nyelv-rejtetten-mindenre-emlekszik/>].

este fenómeno citou o proverbio *A lónak négy lába van, mégis megbotlik* (literalmente: ‘o cabalo ten catro patas e a pesar disto tropeza’). O autor non toma en consideración que hai equivalentes de construción formal idéntica ou similar en linguas moi diferentes. En alemán temos: *Auch das beste Pferd stolpert einmal*; en polaco: *koń ma cztery nogi i też się potknie*; en romanés: *tot calul se poticnește*; en croata: *i dobar konj posrne* e en catalán: *Tot bon cavall s’ensopega*. Seguramente se trata -como en moitos outros casos- de equivalentes de grao de vitalidade diferente, pero, a pesar de todo, estas coincidencias fan sospeitar da existencia dunha fonte común. Esta suposición queda confirmada polo feito de que Litovkina no seu *Magyar közmondástár* (‘Paremioteca húngara’), publicada igualmente por *Tinta Könyvkiadó*, como orixe deste proverbio sinala unha paremia latina (*Errat interdum quadrupes*) e outras tres de forma similar (Litovkina 2005, 395-396). A propósito da comparación popular *bámul, mint borjú az új kapura* (literalmente: ‘mirar atónito como becerro á porta nova), Bárdosi, seguindo a Röhrich, ofrece só unha forma francesa moderna *être là comme une vache qui regarde passer le train*, sen mencionar os datos latinos facilitados por Gábor O. Nagy (*vacca ad novam portam; sicut vitulus ad novam portam*) e as variantes empregadas en dialectos húngaros (1993: 85-86). Nunha conferencia realizada no coloquio internacional *Estudis comparatius de fraseologia i de paremiologia en les llengües d’Europa* completei o cadro con unidades coñecidas en diferentes idiomas europeos que aquí reproduzo sen citar o significado literal de cada unha delas. En alemán temos *etwas ansehen wie die Kuh das neue Tor* o *dastehen wie der Ochs vorm Berg*; en eslovaco e checo *dise pozerať ako tel’a na nové vráta* e *koukat jako tele na nová vrata* respectivamente; en croata temos *blenuti kao tele u šarena vrata*, en esloveno *gledati kot tele v nova* e en polaco *patrzeć jak wół na malowane wrota*. En ruso o animal en cuestión é un aña: *смотреть, как баран на новые ворота* (*smotret’, kak baran na novyje vorota*; véxase Morvay 2011b: 269-270).

Poderían facerse observacións similares sobre o artigo dedicado á comparación *ritka, mint a fehér holló* (literalmente: ‘raro como o corvo branco’, páx. 229), no que só aparece a combinación de palabras latina que podería servir como punto de partida para formas que conteñen imaxes similares, pero frecuentemente teñen acepcións diferentes. Véxanse as miñas explicacións sobre a locución nominal rusa *белая ворона* (bielaia vorona), a alemá *weiser Rabe*, a inglesa *white crow*, a neerlandesa *witte raaf*, a polaca *biały kruk* e tamén a francesa *merle blanc* e a española *mirlo blanco* (Morvay 2011a: 395). O proverbio *a fuldokló a szalmaszálba is kapaszkodik* (178) tamén aparece en linguas moi diferentes, cun significado idéntico baseado nunha imaxe moi similar (‘o que afoga agárrase ata a unha palla’). Este feito permite supoñer que as paremias seguintes veñen dalgunha fonte común non precisada no DFE. En alemán temos: *sich (wie ein Ertrinkender) an einen Strohalm klammern*; en inglés: *a drowning man will clutch at a straw*; en croata: *utopljenik se hvata za slamku*; en esloveno: *loviti se za slamico, loviti se za vsako bilko* e en ruso: *утопающий и за соломинку хватается* (*utopaiujxii i za solominku hvateietsa*). En español ao lado de *el que se ahoga se agarra hasta a una paja* existe tamén a forma *el que se ahoga se agarra a un clavo ardiendo*, á que lle corresponde a forma catalá: *agafar-se en un ferro roent* e a vasca dialectal (bilbaíno): *itotzen daudenak burdiña*

*gorixari ebatuko luzkio* (véxase Morvay 2010: 145). En polaco dise: *tonący brzytwy się chwyta* ('o que afoga agárrase a unha navalla de afeitar') e en francés temos unha imaxe completamente diferente: *se raccrocher aux branches; se raccrocher à toutes les branches*. Como equivalente latinoamericano en Internet aparece o dito: *cuando uno se está ahogando hasta de un caimán se agarra*<sup>4</sup>.

E para rematar: ao artigo que trata a unidade húngara *ég a keze alatt a munka* ('o traballo estase a queimar entre as mans', páx. 283), poderíase engadir a observación de que en polaco existe un frasea que contén a mesma imaxe: *robot a pali się w rękach*. En ruso temos documentado (па́бора) *зопум пыкаx* (rabota) gorit v rukah- '(o traballo) quéimase entre as mans'). Estas combinacións de palabras teñen o mesmo significado: '(alguén) traballa rápido e ben'... que é tamén o caso do noso autor. Parece increíble que nun período relativamente curto Bárdosi puidese crear un tesouro fraseolóxico tan importante que -non esquezamos- representa só unha parte das súas publicacións e actividades. Chapeau! Le a kalappal! -aínda que esta expresión e os seus equivalentes noutros idiomas non constan no DFE. A *Szólások, közmondások eredete* ademais de ser unha obra de gran valor fraseolóxico e fraseográfico, é un libro de lectura fascinante, moi especialmente son interesantes os artigos sobre fraseoloxismos que teñen a súa orixe nas crenzas populares e na bruxaría. *Cruzo os dedos*, ou sexa, *fago votos* -no español de México diría: *hago changuitos con los dedos*- para que o autor poida cumprir a súa palabra e continuar a recollida de materiais para unha edición ampliada do seu dicionario.

*Az igéret szép szó... O prometido é débeda.*

## Referencias bibliográficas

- BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; Xunta de Galicia.  
[[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/aspectos\\_teoricos\\_fraseoloxia.pdf](http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/aspectos_teoricos_fraseoloxia.pdf)]. [13.7.2015].
- BÁRDOSI, Vilmos (2003): *Magyar szólástár* ('Fraseoteca húngara'). Budapest: Tinta Kiadó.
- (2009): "Os perfís lingüísticos da *man* en francés, contrastados co húngaro, español, galego e alemán", en *Cadernos de fraseoloxía Galega* 11; 17-48.  
[[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11\\_01.pdf](http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_01.pdf)]. [4.7.2015].
- (2010): "Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna", en *Cadernos de fraseoloxía Galega* 12; 29-39.  
[[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg12\\_02.pdf](http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg12_02.pdf)]. [4.7.2015].
- BÁRDOSI, Vilmos; GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseolóxico temático francés-español*. Lugo: Editorial AXAC;
- BÁRDOSI, Vilmos; GÁBOR, Kiss (2010): *Szótárak, szólások, nevek vonzásában. Köszöntő könyv Fábrián Zsuzsanna tiszteletére*. Budapest: Tinta Kiadó; 139-146.

<sup>4</sup> Véxase [<http://culturallanera7.blogspot.fr/2012/07/refranes-y-frases-llaneras.html>].



- FÁBIÁN, Zsuzsanna (2015): “A nyelv rejtetten mindenre emlékszik”. [http://cultura.hu/szub-kultura/a-nyelv-rejtetten-mindenre-emlekszik/]. [4.7.2015].
- MORVAY, Károly (1998): “Diccionaris, prejudicis i miracles”, en *Escola Catalana* 355; 12-13.
- (2004): “Por unha metafraseografía peninsular”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6; 169-189. [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg06\_10.pdf]. [4.7.2015].
- (2006): Recensión de “A bőség kellemetes zavara - Gondolatok a Magyar közmondástár ról. *Magyar Nyelvőr*”. 130. évf. 3. szám, 2006 július-szeptember, 371-377. [http://www.c3.hu/~nyelvor/period/1303/130314.pdf]. [6.7.2015].
- (2010): “*Egurra bi aldiz neurtu ta behin moztu*. Baszk közmondások Paczolay Gyula *European Proverbs* c. könyvében” de BÁRDOI, Vilmos; GÁBOR, Kiss (eds): *Szótárak, szólások, nevek vonzásában. Köszöntő könyv Fábíán Zsuzsanna tiszteletére*. Budapest: Tinta Kiadó; 139-146.
- (2011): Recensión de *Aspectos teóricos da fraseoloxía* de Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovolskij, en *Estudis Romànics XXXIII*; 390-395 [http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/253293] [4.7.2015].
- NAGY, Gábor O. (1993): *Mi fán terem*. Gondolat – Tálerum: Budapest.
- (2011a) [Recensión: ver BARÁNOV, Anatolij / DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009)].
- (2011b): “Entre ‘la feina feta’ i ‘un ja està fet’”. *Estudis comparatius de fraseologia i de paremiologia en les llengües d’Europa*” en GARGALLO GIL, José Enrique et (coords.): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell’Europa romanza*. Alessandria: Edizioni dell’Orso; 259-282.
- (2013): Recensión de *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español* de Vilmos Bárdosi e María Isabel González Rey en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 505-509. [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg15\_19.pdf]. [4.7.2015].
- PACZOLAY, Gyula (2002): *European Proverbs*. DeProverbio.com: Hobart, Tasmania (Australia).
- RÖHRICH, Lutz (1995): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Herder: Freiburg – Basel – Wien. Vol. 1-5.
- T. LITOVKINA, Anna (2005): *Magyar közmondástár*. Budapest: Tinta Kiadó.

Károly Morvay  
Universidad Eötvös Loránd de Budapest

**CONCA, Maria; GUIA, Josep (2014): *La fraseologia. Principis, mètode i aplicacions*. Alzira: Edicions Bromera; ISBN 978-84-9026-281-8; 213 páxs.**



Malia que se ten avanzado na autonomía da fraseoloxía como disciplina cun espazo independente da lingüística, Conca e Guia sinalan que cómpre reforzar o traballo en dúas direccións: por unha banda, establecemento dunha terminoloxía adecuada (incluíndo clasificacións e definicións precisas); doutra, concreción dunha metodoloxía de análise propia, con ferramentas básicas para quen queira abordar o estudo deste obxecto achegándose a el dende diferentes puntos de vista. Estas dúas direccións son as que toma a presente obra, concibida como un manual de fraseoloxía básico con exemplos da lingua catalá. Divídese en catro capítulos que seguen unha estrutura clara e coherente: contextualización (capítulo 1), descrición do obxecto de estudo, indicación das características e taxonomía (capítulos 2 e 3, respectivamente) e aplicacións (capítulo 4).

No primeiro capítulo os autores comezan cunha aclaración terminolóxica: apostan polo emprego do termo “frásic” (en galego, ‘frásico’, en analoxía con “lèxic”) como repertorio de unidades frásicas para diferencialo de “fraseoloxía”, cuxo uso debería segundo os autores reservarse unicamente para a disciplina. Segue unha contextualización inicial interesante e atinada en que dan conta dos inicios e da evolución dos estudos fraseolóxicos en diferentes linguas (con especial atención ao catalán), con indicación de autores e obras de referencia, tanto da fraseoloxía en xeral, como da fraseoloxía das linguas mencionadas (entre elas, o galego). Inclúen ademais información sobre o traballo das asociacións internacionais (EUOPHRAS e EURLEX), publicacións periódicas e congresos de relevancia. Con esta sección titulada “El desenvolupament de la fraseologia” conseguen xuntar dun xeito conciso e claro os principais referentes da investigación, o que lle permite a quen comeza nesta disciplina saber quen é quen e a onde recorrer.

A segunda parte organízase arredor da definición do obxecto de estudo, con indicación dos procesos de formación frásica (lexicalización, gramaticalización, metáfora, metonimia e comparación, hipérbole e ironía), das características (repetición, fixación, idiomaticidade, anomalía, institucionalización, variación e desautomatización) e das categorías (colocacións, locucións, fórmulas e paremias), así como dun último apartado dedicado ás unidades estilísticas. Podemos sinalar como relevante dentro deste xénero de manuais o feito de incluír a perspectiva cognitivista, ben que como base para a explicación da metaforización como proceso de creación fraseolóxica se tome a tipoloxía de metáforas establecida por Lakoff e Johnson en 1980 (*Metaphors we live by*). Esta tipoloxía, sen dúbida asentadora dun paradigma multidisciplinar e de gran produtividade na investigación fraseolóxica nas últimas décadas, queda hoxe en día superada por investigacións máis recentes que se enriquecen dela mais achegan un marco de referencia

máis completo, como por exemplo, a teoría dos *frames* ou a análise da participación dos compoñentes figurativo e plástico na semántica do frasema.

Na parte da clasificación, os autores seguen os criterios establecidos por Gloria Corpas en 1997 en *Manual de fraseología española*, a saber, en que nivel se produce a fixación da unidade (norma, sistema e fala), e se a unidade constitúe ou non un enunciado. Salientan a importancia da clasificación de Corpas porque, ao inserir as colocacións, permite abranguer todo o campo frásico. Isto constituíu efectivamente un fito no seu momento, mais na actualidade, após dúas décadas de consolidación da disciplina e de avances importantes na ampliación do marco teórico, gustaríame advertir que esta clasificación resulta incompleta cando queremos analizar outros fenómenos fraseolóxicos menos definidos, pero fundamentais na elaboración do discurso e cara aos que a investigación teórica está a dirixir máis a atención nos últimos anos (por exemplo, as construcións fraseolóxicas e os fraseoloxismos textuais). Considero que, sen necesidade de entrar en detalle, estes fenómenos deberían ter tamén un oco nun manual introdutorio coma este.

Dentro da explicación de cada categoría en si, salientaría como particularidade a decisión dos autores de incluír dentro das locucións verbais as construcións con verbo soporte que, segundo sinalan, presentan unha alta produtividade no catalán, nomeadamente, cos verbos *fer*; *tenir*; *anar* e *donar*, así como a relación detallada de todos os padróns sintácticos rexistrados para estes verbos e diferentes verbos predicativos.

A última sección deste apartado achega a principal novidade desta obra, a saber, as unidades estilísticas ou estilemas, é dicir, construcións de formación fraseolóxica creadas por unha autora ou autor que teñen presenza reiterada na súa obra. Esta liña de estudo ou aplicación, que na seguinte sección denominan estilometría de base fraseolóxica, é sen dúbida de considerable interese e rendibilidade para os estudos literarios, e quizais tivese até agora menos presenza nos estudos sobre escritoras e escritores en linguas románicas do que noutras linguas (por exemplo, é representativa a sección VIII de *Handbuch Phraseologie* titulada “Phraseology of literary texts and individual authors”).

O terceiro capítulo está dedicado ao estudo das unidades frásicas en contexto. Os autores critican que en xeral fose habitual estudar estas unidades de forma illada e descontextualizada, un enfoque que, ao seu ver, comportaba certas limitacións. Non é claro se os autores se refiren aquí en concreto á fraseoloxía da lingua catalá ou á fraseoloxía en xeral. En todo caso, a crítica é correcta, mais cómpre apuntar que o cambio de perspectiva está perfectamente instaurado dende hai anos na disciplina. Ademais de analizar as funcións das UF relacionadas co contexto (por unha banda, a función fraseolóxica inherente; por outra, a súa función discursiva), os autores propoñen un método de extracción fraseolóxica de textos e de posterior análise das unidades que segue o método tradicional de extracción terminolóxica, nomeadamente, un enfoque indutivo a partir dun corpus textual de volume abranguible por quen investiga, método para o que resulta fundamental contar xa con competencia ou sensibilidade fraseolóxica. Denominan este procedemento “método de concordancias frásicas” e nel distinguen as fases localización, identificación, validación, clasificación e interpretación. Completan

a explicación do procedemento con senllas seccións dedicadas ás diferentes formas de insercións das unidades fráscas nos textos, ás técnicas de localización e ás diferenzas entre pares concretos de categorías (colocacións *versus* locucións, locucións *versus* fórmulas etc.). Na sección 6 que pecha o capítulo achegan un exemplo práctico da aplicación do antedito método para a obtención dun corpus fráscico, neste caso, partindo dun texto literario en lingua catalá do século XV, *Espill*.

Ben que o capítulo anterior remataba co mencionado exemplo de aplicación práctica, o cuarto capítulo está dedicado especificamente ás aplicacións da fraseoloxía, onde os autores se centran na análise do discurso, no ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, na comparación interlingüística (incluíndo fraseografía e tradución) e na caracterización estilística.

Após unha breve conclusión, a bibliografía que pecha a obra semella limitarse á relación das referencias bibliográficas do manual, co que perde a oportunidade de servir de referencia para quen se inicia na disciplina. En todo caso, basta botar man da contextualización inicial para dar con autorías e obras esenciais.

Os autores conseguiron con esta obra crear un manual óptimo para introducirse na disciplina, tanto pola explicación dos conceptos básicos e a súa terminoloxía, coma pola excelente exposición nas primeiras páxinas do seu desenvolvemento histórico e estado actual. Neste sentido, considero que resulta especialmente axeitado para alumnado universitario de áreas centradas no estudo de linguas (Tradución e Interpretación, primeiros cursos de Lingüística), así como para investigadores doutros eidos da humanística, da arte e das ciencias sociais sen coñecementos previos da materia. Porén, mesmo con este fin introdutorio, o feito de que os exemplos de obras do século XV —malia que acertados e ilustrativos— teñan un peso meirande sobre os exemplos contemporáneos corre o risco de crear certo afastamento na recepción e de reducir o valor didáctico para o leigo lector ou falante de calquera lingua románica, e mesmo de restrinxir o grupo destinatario a aquelas persoas que estean familiarizadas con esa variante histórica.

Patricia Buján Otero

**Conde Tarrío, Germán et al. (eds.) (2015): *Enfoques actuales para la traducción fraseológica y paremiológica: ámbitos, recursos y modalidades*. Madrid: Instituto Cervantes; 256 páxs. ISBN 978-84-608-1507-5**



A obra sobre a que realizamos a recensión é un estudo das unidades fraseolóxicas (de agora en diante UF) dende unha perspectiva tradutolóxica. Nela colaboran os grupos de investigación fraseolóxica e paremiolóxica de catro universidades españolas: PHRASEONET (Universidade de Santiago de Compostela), FRASYTRAM (Universitat d'Alacant), PAREFRAS (Universidad Complutense de Madrid) e FRASEMIA (Universidad de Murcia).

O libro contén 16 artigos en que os/as especialistas abordan distintos aspectos relacionados co proceso de tradución, interpretación e comprensión de textos que conteñen UF. Aprécianse, entre eles, tres bloques temáticos diferenciados: as contribucións que tratan características e aspectos relacionados co proceso de tradución e comprensión de textos que conteñen UF,

os dedicados ás fontes de información e os que estudan casos precisos de tradución fraseolóxica en obras concretas ou en determinados tipos textuais.

No primeiro dos bloques atopamos os seguintes artigos:

Da man de **M<sup>a</sup> Ángeles Solano Rodríguez** analízanse 14 marcadores discursivos fraseolóxico-pragmáticos do francés actual, a través dos que os falantes manifestan a súa actitude ou a súa valoración persoal sobre as mensaxes dos interlocutores, e contrástase a súa correspondencia conversacional e expresiva con UF do español actual. Para a análise destes marcadores discursivos consideráronse catro variables relevantes: o rexistro lingüístico, a modalidade expresiva, a entoación e as situacións prototípicas de uso real. Nesta contribución reflexiónase sobre a complicada tarefa do tradutor para ofrecer unha correspondencia fraseolóxica entre linguas, posto que non sempre se conseguen reproducir todos os matices semánticos, expresivos e connotativos do marcador discursivo fraseolóxico orixinal.

**Pablo Zamora Muñoz** analiza o cambio de perspectiva e a repercusión que supón a aplicación da gramática de construcións e da gramática do discurso ós estudos fraseolóxicos; concretamente a un subgrupo de UF pragmáticas: os esquemas sintácticos fraseolóxico-pragmáticos. O autor estuda un conxunto de mostras textuais extraídas de películas en que se atopan este tipo de esquemas sintácticos en lingua italiana coa correspondente dobraxe en castelán. Zamora Muñoz explica que o estudo destas unidades dende un enfoque construcionista permite ampliar a gama de esquemas fraseolóxicos e darlle un cambio de perspectiva ó concepto de fixación.

**Laura Esteban-Segura** leva a cabo un estudo sincrónico das colocacións inglesas equivalentes a verbos do campo semántico da visión. Esta análise, baseada en dous corpus do inglés contemporáneo (o British National Corpus e o Corpus of Contemporary American English), préstalle atención ó factor da variedade lingüística (concretamente a diatópica e a diafásica) e ten como obxectivo cotexar a aparición e a frecuencia das colocacións analizadas e configurar os seus patróns de uso. A autora observa que as colocacións adoitan usarse con “accións voluntarias” (verbos de acción), mentres que é frecuente que se empreguen verbos para “accións involuntarias” (verbos de estado). Algunhas das razóns que dá para isto son o valor intensificador da colocación e o feito de que o discurso espontáneo favorece a aparición de colocacións sobre verbos.

**Ana Mansilla Pérez** realiza un estudo fraseolóxico dun conxunto de unidades españolas e alemás do campo conceptual da “cantidade”, concretamente do subcampo da profusión no falar: “falar moito”. Para isto parte da lingüística cognitiva e circunscribe a tres dos modelos cognitivos propostos por Lakoff e Johnson (1980) na súa teoría da metáfora, por consideralos máis produtivos: o discurso é un líquido, as persoas son animais e a mente é unha máquina. A autora explica que estes tres modelos cognitivos poderían ser considerados universais metafóricos, por compartiren unha base experiencial común. Así e todo, comproba que existen imaxes máis produtivas nunha lingua ca noutra, motivo polo que aborda con cautela a palabra universalismo na creación metafórico-fraseolóxica.

**Florentina Mena Martínez** e **Carmen Sánchez Manzanares** levan a cabo un estudo conxunto que ten como obxectivo explorar os usos novos e orixinais que realizan os falantes a través de combinacións fraseolóxicas e as implicacións que isto ten para a tarefa tradutolóxica. Despois de diferenciar entre creatividade lingüística e creatividade fraseolóxica, de repasar as particularidades das UF e de explicar a súa potencialidade creativa, as autoras revisan as implicacións que se dan á hora de traducir os usos destas unidades. Consideran necesario partir de xeito simultáneo da identificación da unidade fraseolóxica canónica e da identificación da unidade fraseolóxica desautomatizada, para despois analizar os factores pragmáticos que proporciona a interpretación non literal da expresión, factores como a intencionalidade do falante, a aceptabilidade do oínte e o coñecemento do mundo compartido.

**Ana María Rojo López** desagrega os elementos que condicionan unha tradución e o impacto que as UF metafóricas teñen sobre eles. Rojo López destaca a importancia que teñen certos factores non lingüísticos como as referencias culturais, a finalidade comunicativa, o grao de compatibilidade entre proxeccións metafóricas e as inferencias resultantes destas etc. A autora conclúe que a perda da imaxe metafórica non sempre se explica pola falta de equivalencia entre os sistemas lingüísticos implicados, senón que entran en xogo estes outros aspectos.

No apartado dedicado ás fontes de información encádranse tres contribucións:

**Iris C. Permy Hércules de Solás** explica a tradución inversa de paremias do español ó inglés co emprego de tres refraneiros monolingües e mediante catro casos prácticos, que

aparecen ordenados segundo a súa dificultade. A autora conclúe que os refráns merecen un tratamento especialmente coidadoso ó non admitiren unha tradución libre, pois están moi vinculados ó contexto cultural en que xorden.

**Evaristo Martínez Belchí** trata o aproveitamento dos corpus en liña aplicados á tradución fraseolóxica. Explica que son unha ferramenta de grande utilidade para asistir o tradutor no proceso de comprensión e translación dunha UF á lingua de destino. Para iso mostra diferentes tipos de corpus textuais dispoñibles na rede, así como a súa accesibilidade e facilidade de uso, co obxectivo de facerlles a tarefa máis doada ós tradutores e investigadores.

**Paula Cifuentes Férez** presenta unha guía de uso detallada de dicionarios monolingües e bilingües en liña para a tradución de distintos tipos de UF entre o inglés e o español. O estudo revela, ademais, que o tratamento da fraseoloxía nos dicionarios empregados é insuficiente, ó igual que adoita ocorrer en dicionarios bilingües convencionais (editados en papel).

Un último bloque de contidos mostra casos de tradución en obras concretas ou en determinados tipos textuais:

A contribución de **Alba M. Gálvez Vidal** e **Marta Navarro Coy** ten como obxectivo comprobar se Carmen, personaxe protagonista da obra de Miguel Delibes *Cinco horas con Mario*, conserva todos os seus trazos caracterizadores na versión traducida ó inglés ou se se perderon os matices que o autor lle deu orixinariamente a través dunha fala particular, caracterizada polo abundante uso de UF. Despois da análise das UF presentes na obra orixinal e da súa comparación con aquelas que aparecen na versión traducida, as autoras constatan que os trazos caracterizadores de Carmen se perden case na súa totalidade na tradución inglesa. Consideran que a persoa tradutora pasa por alto aspectos importantes que se poderían emendar cunha lectura máis detida e profunda da obra orixinal.

**M<sup>a</sup> Isabel González Rey** analiza as características da lingua literaria co obxectivo de descubrir cales son os condicionantes que se dan no proceso tradutolóxico e distingue dous momentos clave: a fraseoloxización e a idiomatización do texto meta. O primeiro deles leva o tradutor a tomar decisións sobre o xeito de traducir a fraseoloxía do texto de orixe, mentres que o segundo implica, ademais de levar a cabo un proceso de fraseoloxización, a necesidade de respectar outros aspectos importantes da idiosincrasia da lingua de chegada, aqueles que a caracterizan como propia e particular.

**Analia Cuadrado Rey** presenta unha análise tradutolóxica dun corpus de UF extraídas da novela *El juguete rabioso* (1926) de Roberto Arlt e da súa versión alemá traducida por Elke Wehr en 2006. A autora ten como obxectivo identificar o procedemento empregado na tradución das UF ó alemán e ver se estas gardan fidelidade coas do documento orixinal. Analiza a tradución de 20 UF e observa que o procedemento tradutolóxico destas unidades se fixo dun xeito variado. Nuns casos mantívose a mesma forma e o mesmo significado, noutros empregouse unha UF equivalente no seu significado pero con distinta forma, e viceversa; e, noutra ocasión, emprégase unha UF de distinta forma e distinto significado.

Confirma que o caso menos usado é o da omisión, o que dá mostra da implicación do tradutor. Cuadrado Rey conclúe que a correspondencia total e absoluta das UF en todos os aspectos semánticos e comunicativo-funcionais só se dá en dous casos, polo que se acentúa a dificultade no proceso de tradución destas unidades dunha lingua a outra.

**Arianna Alessandro** estuda a oralidade prefabricada no eido da tradución de diálogos filmicos. Centra a súa atención no papel que desempeña a fraseoloxía na tradución audiovisual, dentro da combinación lingüística italiano-español. O seu obxectivo é coñecer a función que teñen as expresións fixas na construción da oralidade prefabricada mediante a dobraxe e a subtitulación de textos filmicos. A autora observa que existe un abundante emprego de UF no texto fonte que adoita manterse no texto meta despois da tradución; algo que reafirma o papel central destas unidades na reprodución dun discurso oral espontáneo. Engade, ademais, que o compoñente fraseolóxico recibe un grao de atención maior na dobraxe, eido en que se manifesta a oralidade prefabricada, ca na versión subtitulada, en que o contido lingüístico oral sofre a aplicación de estratexias de condensación e/ou supresión, o que afecta á transmisión das UF.

**Ascensión Sierra Soriano e Vicent Satorres Calabuig** indagan nas dificultades de tradución dos distintos tipos de fixación en libretos de ópera. Traballan con tres linguas: francés, español e valenciano. Mostran que, en ocasións, a proximidade entre a lingua fonte e a lingua meta facilita a descodificación das unidades fraseolóxicas, pero tamén adoita provocar falsos amigos e interferencias. Ademais, estudan as unidades creadas polo libretista no momento da composición do libreto, que se converten en unidades prefabricadas para os espectadores. Estas unidades presentan unha dificultade especial para o tradutor, posto que debe ter en conta que se fixaron dentro do libreto e adoitan gardar relación co fragmento de música que as acompaña.

Dous traballos prestan atención ás UF na tradución de textos especializados:

**Elena Macías Otón** estuda as UF especializadas de natureza xurídica. Aborda a tradución destas unidades en textos de Dereito constitucional redactados en francés e español. Achega diferentes recursos e estratexias de tradución que poden resolver as dificultades que xorden no proceso de busca de equivalentes. Para rematar, bosquexa unha proposta didáctica para traballar a fraseoloxía xurídica na materia de Terminoloxía dos estudos de Tradución e Interpretación.

**Manuel Sevilla Muñoz** analiza a tradución de UF especializadas no discurso científico-técnico entre os idiomas inglés e español. O autor revisa as técnicas de tradución e as fontes de documentación que lle parecen máis axeitadas para a tradución deste tipo de unidades. Por último, propón un procedemento que considera axeitado para a tradución de cada unha destas UF presentes nos textos científico-técnicos. Esta contribución ten como obxectivo fixar un punto de encontro entre a fraseoloxía e a terminoloxía no estudo dos procedementos e fontes de información que se poden aplicar á tradución de UF especializadas no discurso científico-técnico.



A lectura desta obra axudaralle á persoa tradutora a aclarar dúbidas sobre como localizar as correspondencias fraseolóxicas entre linguas a través dos parámetros axeitados. Ademais, poderá coñecer fontes fraseográficas e paremiolóxicas, así como outras ferramentas informáticas que gardan relación co eido da tradución.

Andrea González Pereira  
Universidade de Vigo

**GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> Isabel; BÁRDOSI, Vilmos, DUFAYS, Jean-Louis; SIERRA SORIANO, Ascensión; RUIZ-QUEMOUN, Fernande; SOLANO RODRÍGUEZ, M.<sup>a</sup> Ángeles; NICOLAS, Claire (2015): *Phraséotext - Le Français Idiomatique*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. DVD. ISBN: 978-84-16533-50-3.**



Ás numerosas achegas fraseolóxicas que se están facendo nos últimos decenios súmase unha máis enmarcada na fraseodidáctica. Estamos ante unha obra sumamente orixinal pola súa autoría, os seus destinatarios e a súa estrutura. Realizou a obra un equipo de sete investigadores, vinculados a seis universidades europeas: María Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela); Vilmos Bárdosi (Universidade de Budapest); Jean-Louis Dufays (Universidade de Louvain-la-Neuve); Ascensión Sierra Soriano e Fernande Ruiz Quemoun (Universidade de Alacante); M.<sup>a</sup> Ángeles Solano Rodríguez

(Universidade de Murcia) e Claire Nicolas (Universidade Complutense de Madrid). Este equipo, dirixido por M<sup>a</sup> Isabel González Rey, por ser membros ou colaboradores do grupo de investigación FRASEONET con sede na Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu o proxecto I+D+i Fraseotext con referencia FF1200-15092, proxecto que deu lugar a esta achega.

O traballo conxunto, levado a cabo durante tres anos por un elenco de fraseólogos, deu como resultado un novo método para o ensino/aprendizaxe das unidades fraseolóxicas na clase de FLE.

O método está destinado a un amplo número de estudantes, pois vai dirixido á aprendizaxe das UF en todos os niveis de lingua segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

Editado en DVD, o método contén:

- Un corpus textual

- O dicionario PHRASÉOTEXT
- Actividades didácticas
- Unha guía para o docente ou o autodidacta

O corpus textual contén unha antoloxía de textos literarios francófonos, presentados en versión escrita e en audio. A finalidade desta selección é dar a oportunidade de observar, analizar e aprender o emprego das UF en contexto. Para iso, selecciónanse 18 textos, que pertencen a xéneros moi variados: novela, poesía, teatro, conto, canción, debuxos animados. Os autores elixidos son relevantes para o estudo das UF: Samuel Beckett, Georges Brassens, Anna Gavalda, Marie-Christine Hendricks, Hergé, Eugène Ionesco, Amin Maslouf, Irène Némirovsky, Amélie Nothomb, Daniel Pennac, Georges Pérec, Jacques Prévert, Eric-Emmanuel Schmitt, Sempé et Goscinny, Marguerite Yourcenar. Deste xeito, pódese conseguir unha visión bastante completa sobre a presenza das UF no texto literario.

O dicionario rexistra as UF extraídas dos textos literarios, 400 en total. Pódese acceder a elas por distintas vías: por orde alfabética, palabra clave, concepto ou nivel do MCERL, de xeito que se pode estudar a súa forma, sentido e estrutura gramatical.


As actividades didácticas deseñadas atópanse agrupadas por niveis de linguas, polo que existen seis grupos, un para cada nivel do MCERL. As detalladas explicacións de cada unha delas destinadas ao docente ou ao estudante autodidacta constitúen unha perfecta guía para aplicar con éxito as actividades na ensino/aprendizaxe de FLE.

O material achegado resulta de grande interese para o ensino/aprendizaxe das UF porque non se limita a presentar unha serie de actividades didácticas, senón que se fundamenta nunha investigación previa dende unha perspectiva fraseográfica e, o que resulta de suma importancia para a comprensión do sentido das UF, tendo en conta o seu emprego en contextos auténticos non recreados.

Esperemos que este magnífico equipo de investigadores continúe o seu traballo co obxecto de achegar actividades didácticas baseadas, non só noutro tipo de textos, senón tamén no discurso oral. Sen ningunha dúbida, os resultados permitirán facer avances considerables na fraseodidáctica.

Julia Sevilla Muñoz  
Universidad Complutense de Madrid

**PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2015): *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. ISBN 978-84-16133-73-4; 360 páxs.**



“Fraseógrafo, todavía no hay camino, se va haciendo camino al andar”. Con este enunciado, evocador dos versos de Antonio Machado, pecha Inmaculada Penadés Martínez o seu libro *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*, que rende homenaxe no seu subtítulo, a través dun novo proceso desautomatizador, á obra xa clásica de Haensch, Wolf, Ettinger e Werner, publicada en 1982, *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*.

E, efectivamente, este novo libro de Inmaculada Penadés, editado pola Universidade de Alcalá, fai camiño na fraseografía do español, ou mellor, afonda no camiño que xa outros iniciaran, moi en especial Olímpio de Oliveira Silva (2007) e Mellado; Buján; Herrero; Iglesias; Mansilla (2010), como a propia Penadés sinala (p. 67). O mesmo que Haensch *et alii*, a autora do libro que recensionamos ofrece unha guía práctica para calquera interesado na elaboración dun diccionario fraseolóxico, guía sustentada tanto na reflexión teórica como na experiencia da autora como fraseógrafa, o cal é un importante aval para as propostas lexicográficas ofrecidas.

A reflexión teórica recollida en *Para un diccionario de locuciones* non xorde *ex novo*, posto que Penadés Martínez é autora de numerosos traballos de corte teórico sobre fraseoloxía, de entre os que destacamos, pola súa relevancia e pola súa proximidade no tempo, *Gramática y semántica de las locuciones* (2012), libro que xa foi comentado nas páxinas de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Álvarez de la Granja 2013). No que respecta á experiencia fraseográfica de carácter práctico, cómpre citar os tres dicionarios de locucións elaborados por Penadés no ámbito do ensino do español como lingua estranxeira: un diccionario de locucións verbais (2002), outro de locucións adverbiais (2005) e un terceiro de locucións nominais, adxectivas e pronominais (2008). Así mesmo, xa fóra do ámbito do ELE, a autora está preparando un *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual* (DILEA), que serve de materia prima para moitos dos aspectos comentados no libro. De feito, Penadés ilustra decontino as súas propostas con entradas lexicográficas correspondentes a esta obra en preparación.

Segundo sinala a autora (p. 15), o libro está dirixido aos novos investigadores que se internan no ámbito da fraseoloxía e da lexicografía, aos autores de dicionarios fraseolóxicos sen formación nas disciplinas anteriormente citadas, ás editoriais interesadas no tema e aos lexicógrafos e fraseógrafos. De feito, aínda que a obra se concibe como unha ferramenta para a elaboración de dicionarios fraseolóxicos (máis en concreto de

dicionarios semasiolóxicos de locucións), moitas das cuestións que se formulan e moitas das propostas que se ofrecen son de aplicabilidade tamén ao tratamento das unidades fraseolóxicas nos dicionarios xerais.

O volume ábrese cunha introdución en que se explica a xénese da obra, os seus obxectivos e o seu contido e onde se xustifican algunhas das decisións tomadas á hora da súa elaboración. O libro péchase coas conclusións, coa bibliografía dividida en tres bloques (estudos, dicionarios e fontes do DILEA) e cun índice das locucións citadas ordenadas alfabeticamente.

O corpo central da obra constitúeno tres capítulos. No primeiro, “Las disciplinas lingüísticas implicadas”, a autora, situándose no marco da investigación sobre o español, fai un repaso ás tres disciplinas directamente vinculadas coa confección dun dicionario fraseolóxico: a fraseoloxía, a lexicografía e a fraseografía. Ademais de presentar a evolución de cada unha delas na tradición lingüística española, Penadés ofrece información moi útil para todo aquel que estea interesado en formarse no ámbito fraseolóxico e no lexicográfico, posto que para ambos os campos proporciona datos sobre a presenza de titulacións e materias específicas nas universidades españolas, así como sobre grupos de investigación, eventos, manuais e revistas especializadas.

Así mesmo, neste capítulo Penadés volve sobre a cuestión terminolóxica e sobre a delimitación do obxecto de estudo da fraseoloxía, aínda que, como se pode deducir do título do libro, o traballo se centra, como xa indicamos, na elaboración dun dicionario de locucións. Quedan fóra da análise, pois, os distintos tipos de paremias, as fórmulas e as colocacións.

O segundo capítulo, o máis breve, leva por título “Pasos previos a la redacción de un diccionario de locuciones” e nel abórdanse tres aspectos inescusables na elaboración dun dicionario, sexa do tipo que sexa: a delimitación do tipo de usuario para o que se concibe a obra e a determinación da finalidade desta; as fontes (primarias e metalingüísticas) que se van empregar para a súa confección e, en terceiro lugar, a selección, a partir das fontes e tendo en conta a finalidade e o tipo de usuario, das expresións que conformarán a nomenclatura do dicionario.

O terceiro capítulo, “La redacción del diccionario de locuciones”, é, como cabía esperar, o máis extenso do libro. Nel a autora introduce todas aquelas cuestións sobre as que o fraseógrafo debe tomar unha decisión á hora de redactar o seu dicionario, presenta de maneira crítica as diversas posibilidades de tratamento, ilustradas sempre que é posible cos dicionarios de español publicados ata a actualidade (especialmente cos fraseolóxicos, pero non só) e, na maior parte dos casos, toma partido por unha ou outra solución. As cuestións citadas aparecen organizadas en tres apartados dedicados, por esta orde, á macroestrutura, á microestrutura e a “Otras partes del diccionario”. Neste último apartado abórdase de maneira breve a posibilidade de incluír na obra lexicográfica outros compoñentes amais do dicionario semasiolóxico, concretamente un dicionario de locucións sinónimas e antónimas e un dicionario de organización onomasiolóxica.

No apartado centrado na análise da macroestrutura, a autora estuda as dúas cuestións fundamentais neste aspecto da confección dos dicionarios (téñase en conta que a selección da nomenclatura xa foi tratada no segundo capítulo): a ordenación das locucións e a súa lematización, entendida esta como a selección da palabra clave organizadora das locucións incluídas no dicionario, a cal pode facerse seguindo un criterio semántico, estrutural, categorial ou mediante unha combinación destes dous últimos.

Por razóns obvias, é á microestrutura das entradas do dicionario ao que a autora dedica máis espazo no libro. No apartado correspondente (3.2), Penadés aborda os diferentes elementos que deben ser tidos en conta á hora de construír a entrada lexicográfica dunha locución: o propio lema, a variación, a información categorial, a marcación diasistemática (especialmente diafásica e diafrecuentativa), as marcas de transición semántica, a estrutura actancial, a definición, o establecemento e ordenación de acepcións, os exemplos e outro tipo de informacións recollidas habitualmente como observacións ou datos adicionais.

O lector do libro encontrará para cada subapartado unha reflexión sobre o interese e o valor da información, diferentes propostas de tratamento e unha visión crítica destas e do tratamento nos dicionarios publicados ata o de agora. Nós faremos aquí simplemente unha selección de tres cuestións sobre as que nos gustaría chamar a atención:

En primeiro lugar, retomando as propostas formuladas nun traballo previo (Penadés Martínez 2013), a autora ofrece en 3.2.3 seis criterios para a marcación diafásica das locucións (con tres marcas: formal, informal e vulgar): 1) a imaxe portada polas expresións, 2) a existencia ou non de ameaza á imaxe pública, 3) a propia marcación das unidades léxicas que conforman as locucións, 4) a relación entre as expresións eufemísticas e as correspondentes disfemísticas, 5) a percepción do falante e do lexicógrafo sobre o tipo de situacións en que se enuncian as locucións e 6) a tendencia destas a apareceren en determinado tipo de texto. Máis alá de que, se cadra, sería preciso establecer algún tipo de xerarquización dos criterios (a propia autora ofrece nas pp. 255-256 algúns exemplos de expresións nos que o criterio 6 entra en contradición e prevalece sobre os criterios 1 e 2), o que nos interesa destacar é a existencia mesma dunha proposta de sistematización deste tipo de información. Tal sistematización é absolutamente necesaria para evitar as incoherencias que con frecuencia encontramos no marco dun mesmo dicionario ou na confrontación de varios dicionarios entre si, tal e como a autora ilustra profusamente para a lexicografía do español.

En segundo lugar, interéanos salientar a proposta relativa á información sobre a estrutura actancial das locucións (3.2.5). Como Penadés sinala, é moi frecuente a incoherencia dentro dunha mesma obra lexicográfica á hora de presentar os elementos cos que se combina unha locución: ás veces tal información figura no lema (3.2.1), outras veces na definición, en ocasións está ausente ou preséntase de maneira parcial etc. A autora propón dedicar unha parte do artigo lexicográfico das entradas a ofrecer información sobre o número e a natureza semántica dos actantes, presentada entre corchetes. Velaquí un exemplo para unha locución verbal (p. 194):

**consultar con la almohada.** tr. [alguien, algo]

Penadés rexeita a inclusión dos datos valenciais, ou das preposicións rexidas, no lema, apelando ao paralelismo coas unidades monolexicais, cuxos lemas non inclúen información actancial nin de réxime:

*en los diccionarios de locuciones, la práctica lexicográfica conducente a establecer el lema de estas unidades fraseológicas no se ha regido por la consideración de que se corresponden con las palabras y se comportan como ellas, lo cual ha derivado en la determinación de unas formas canónicas de las locuciones que no responden a su verdadera naturaleza (p. 112).*

Esta insistencia da autora no paralelismo entre as unidades pluriverbais e as unidades monolexicais, que xa fora obxecto de atención en Penadés Martínez (2012), parécenos fundamental, porque nos permite soste a necesidade dun tratamento lexicográfico máis completo e máis adecuado das unidades fraseolóxicas. Nos dicionarios xerais, pero tamén nos fraseolóxicos, faltan con frecuencia nas locucións marcas diasistemáticas, información paradigmática ou clasificación gramatical e a heteroxeneidade e incoherencia na presentación da información que se ofrece é moi habitual, tal como mostra Penadés ao longo do libro para o ámbito do español. Pero se as locucións son unidades léxicas, con significados, funcións e usos do mesmo tipo dos que encontramos nas unidades monolexicais, parece lóxico que o usuario do dicionario teña sobre unhas e outras as mesmas inqedanzas e as mesmas necesidades, de xeito que a información ofrecida e a maneira de presentar esa información debe ser similar para ambas.

Con todo, existe unha especificidade das unidades fraseolóxicas que non atopa equivalente nas unidades monoverbais ou só moi parcialmente. Referímonos á variación, que tamén é obxecto de análise desde o punto de vista lexicográfico na obra que estamos comentando (3.2.1.1 e 3.2.3.1). Efectivamente, unha boa parte das unidades fraseolóxicas, e daquela, das locucións, presentan variación: as variantes, segundo Penadés e de acordo con outros autores, serían expresións que comparten o mesmo significado e ao tempo posúen identidade formal parcial (p. 176)<sup>5</sup>. Por exemplo, *abrir la caja de los truenos* e *destapar la caja de los truenos* (p. 134) ou *irse a la mierda* e *irse al garete* (p. 177) serían variantes. Na primeira parella teríamos un exemplo de variación non marcada, por posuíren ambas as locucións a mesma marcación diasistemática, e na segunda de variación marcada, por pertenceren unha e outra a distintos rexistros de lingua. A autora propón tamén un tratamento sistemático das variantes: todas terían a súa entrada no dicionario no lugar que alfabeticamente lles corresponde, pero só habería un artigo lexicográfico completo para a primeira delas de acordo coa ordenación alfabética; as restantes remitirían a esta,

<sup>5</sup> Sería interesante, na nosa opinión, que a autora afondara na interpretación da variación (fronte á sinonimia). Apelar á coincidencia formal conduce a considerar variantes as expresións *abrir la boca* (A) e *abrir los labios* (B), posto que posúen identidade formal parcial e significan o mesmo ('falar') e, por idéntico motivo, a considerar variantes *abrir los labios* e *despegar los labios* (C). No entanto, non poderían interpretarse como variantes *abrir la boca* e *despegar los labios*, con idéntico significado, pero sen coincidencia formal. Agora ben, parece que a variación debería cumprir a propiedade transitiva (se A é variante de B e B é variante de C, entón A e C tamén deben ser variantes entre si). Por tal motivo, noutro lugar (Álvarez de la Granja 2008), e baseándonos en estudos doutros autores, apelamos á coincidencia ou proximidade na imaxe para definir a variación.

aínda que incluírían información propia (como os exemplos ou a información diafásica específica). Malia que a autora non o propón explicitamente, coidamos que, desde unha perspectiva codificadora sería interesante que na entrada da variante definidora se ofrecese información sobre as restantes variantes existentes. Somos conscientes, no entanto, de que este tratamento complicaría, quizais en exceso, algunhas das entradas do dicionario.

Unha vez máis a formulación dunha proposta concreta de tratamento lexicográfico das locucións, neste caso en relación coas variantes, debe ser moi benvida, posto que nos encontramos ante outro aspecto lexicográfico que, en xeral, non se resolve satisfactoriamente nos dicionarios, ben sexa pola incoherencia á hora de presentar a información, ben sexa pola complexidade dalgúns lemas que intentan integrar diferentes variantes nunha presentación única.

Convidamos a todo aquel que se estea enfrontando ao complexo labor de tratar lexicograficamente as unidades fraseolóxicas a mergullarse nas páxinas de *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*, posto que de seguro atopará outras propostas e reflexións críticas que lle serán de enorme axuda. Ao inicio deste traballo comentabamos que o título do monográfico que recensionamos se inspiraba no libro xa clásico *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Jaime Bernal Leongómez (1983: 159) afirmaba o seguinte sobre esta obra:

*[...] a medida que la obra va discurriendo ante los ojos del lector, y es otro de sus grandes aciertos, se desnudan las falacias de algunos diccionarios conocidos hasta la fecha. Con ánimo desprevenido se proponen las enmiendas que han de llevarse a cabo sin dejar de reconocer los puntos a favor que tales lexicones ofrecen. Cualquiera obra lexicográfica, trabajada de acuerdo con los principios teóricos y prácticos esbozados y desarrollados metodológicamente en el libro, habrá de culminar en un diccionario valioso, útil y ajustado a las exigencias de la vida moderna y en el cual subyacerá, como hilo conductor, un contenido altamente riguroso y científico.*

Creemos que as palabras de Bernal sobre o traballo de Haensch *et alii* son aplicables en toda a súa extensión ao libro de Penadés Martínez, que, sen dúbida, se converterá nun clásico na fraseografía do español.

## Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): “As variantes funcionais das locucións verbais”, en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang; 33-51.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2013): “Recensión a Gramática y semántica de las locuciones de Inmaculada Penadés Martínez”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 526-529.
- BERNAL LEONGÓMEZ, Jaime (1983): “Recensión a *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica* de Günther Haensch et alii”, en *Thesaurus* XXXVIII/1; 159-164.

- HAENSCH, Günther; WOLF, Lothar; ETTINGER, Stefan; WERNER, Reinhold (1982): *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos.
- MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Berlín: Frank & Timme.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002): *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2008): *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- (2013): “La imagen subyacente a las locuciones como criterio de marcación diafásica” en OLZA, Inés; MANERO RICHARD, Elvira (eds.): *Fraseopragmática*. Berlín: Frank & Timme; 23-47.

María Álvarez de la Granja  
Instituto da Língua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

**LOSADA ALDREY, M. Carmen, CID FERNÁNDEZ, Alba, FERNÁNDEZ CARBALLIDO, Xurxo (2016): *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. ISBN 978-84-453-5223-6; 292 páxs.**



*Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega* é una obra coral realizada polos docentes M. Carmen Losada Aldrey, Alba Cid Fernández e Xurxo Fernández Carballido, que conta tamén coa colaboración de Evaristo Corujo Martínez, *Tito*, para as ilustracións, e coa de Luis Davila. É un manual que se sitúa na continuidade doutras obras que marcaron o inicio da fraseodidáctica galega. En efecto, dende o punto de vista da súa finalidade, é dicir a de “incentivar unha aprendizaxe autónoma, comprensiva e activa da fraseoloxía e paremioloxía galega”, tal como se indica na lapela do libro, inscríbese dentro dunha liña xa iniciada na fraseoloxía aplicada ao ensino do galego polas autoras Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias e por Manuel Bermúdez Blanco e Alba Cid



Fernández. Isto permite valorar esta achega como un paso máis na consolidación da fraseodidáctica galega.

Facendo xa unha análise máis detallada do libro, este conta cun prólogo do académico Xesús Ferro Ruibal no que destaca os seus valores didácticos coa afirmación de que “de cantos libros [coñece] de didáctica da fraseoloxía noutras linguas, este está tan meditado coma os mellores” (p. 14). A continuación, vén unha Introducción na que os tres autores presentan o obxectivo concreto da súa obra, a saber, “avanzar no tratamento das unidades fraseolóxicas no ámbito do ensino e da aprendizaxe da lingua galega” cunha “proposta dirixida fundamentalmente aos usuarios independentes dos niveis soleira (B1) e avanzado “B2)” (p. 15). Esta proposta utiliza ao redor duns 800 fraseoloxismos e 120 refráns, vencellados tematicamente uns con outros por “compartiren elementos propios da linguaxe figurada” (ib.). O conxunto destas expresións serve para conformar 9 unidades didácticas de índole temática: 1) Accións vitais; 2) Aspecto físico; 3) Carácter; 4) Sentimentos e emocións; 5) Relacións; 6) Problemas, éxito e fracaso; 7) Comunicación e conversa; 8) Cartos e 9) Tempo meteorolóxico. Esta serie de unidades vén precedida por unha unidade previa “... *para entrar en materia*” (p. 21) que lles serve aos alumnos para esclarecer o sentido de fraseoloxismo e de refrán e a súa importancia no uso da lingua. En canto á estrutura das unidades didácticas, segue a mesma orde de elementos en cada unha delas: iníciase cun texto que permite amosar o uso contextualizado de certos fraseoloxismos, seguido da listaxe de expresións que parafrasean eses fraseoloxismos a modo de definición; a continuación, segue un repertorio duns vinte exercicios que remata con caricaturas e ilustracións dalgúns fraseoloxismos creadas por *Tito*, e outras seccións como “Para estar de humor!”, “Para falar” ou “Sabías que?”. Cada unidade temática remata cun glosario dos fraseoloxismos e refráns aparecidos nos textos e nos exercicios, ordenados de forma semasiolóxica. Conclúe esta serie de unidades a Unidade 10, dedicada a facer unha revisión global do aprendido presentando unhas 100 oracións para completar cun fraseoloxismo que hai que elixir entre 3 posibilidades. A última desas oracións recomenda precisamente *darlle trela* a quen queremos animar a que nos fale e nos conte das súas cousas. O libro remata coas solucións de todas as unidades, desde a previa ata a de revisión, o cal favorece unha aprendizaxe autónoma dos estudantes, sen prexuízo de poder usar esta obra en situación de aprendizaxe guiada, cos glosarios de fraseoloxismos e refráns galegos e de fraseoloxismos e refráns doutras linguas indicando as unidades nas que se atopan, e mesmo cunha grella onde os alumnos poden engadir os que van atopando pola súa conta. Unha bibliografía das obras consultadas (lexicográficas e primarias) e ordenadas por unidade didáctica finaliza o volume.

Despois desta breve presentación da estrutura da obra, cabe destacar que dende o punto de vista do contido, o gran valor que ten é que enfoca o ensino dos fraseoloxismos e das paremias figuradas apoiándose na forte motivación que esperta a linguaxe gráfica nos aprendices das linguas. Isto garante, de seguro, un éxito certo na acollida desta proposta entre os docentes da lingua galega. Por outra parte, o interese que estes fraseoloxismos e paremias representan para a adquisición dunha competencia produtiva do galego nos

aprendices desta lingua vai contribuír con toda seguridade a manter vivo o uso do galego na comunidade autónoma.

Dende o punto da metodoloxía, a obra presenta unha gran diversidade de exercicios que favorecerá, sen dúbida, a adquisición activa da fraseoloxía e paremioloxía galegas. Esta diversidade segue ademais un modelo de aprendizaxe baseado nun sistema onomasiolóxico de clasificación das unidades fraseolóxicas, sistema que se adecúa certamente á organización do lexicón mental dos aprendices. O uso das ilustracións propicia, por outra banda, unha maior motivación dos estudantes cara ás unidades fraseolóxicas, ademais de contribuír a poñer de manifesto o carácter icónico das mesmas.

Á parte de ter exercicios de adquisición das competencias produtivas na escrita e no oral, achega coñecementos “enciclopédicos” cos recadros sinalados cun “I”, nos que se esclarece o sentido dalgũa palabra chave como a de “branca” na expresión *andar sen branca*, a de “can” en *non ter un can* ou de “cadela” en *estar sen unha cadela* (p. 191) ou nos que se atrae a atención sobre un fraseoloxismo en particular como en *sair con alguén* (p.116).

En canto á organización interna de cada unidade didáctica, como no caso da organización global da obra, apréciase un grande afán por dar cobertura a todas as necesidades do aprendiz:

- Dentro da unidade didáctica, empézase por textos que contextualizan as unidades para ir cara aos compoñentes léxicos das mesmas. Ademais, vaise en moitos casos dunha perspectiva contextualizada intralingüística cara á unha dimensión interlingüística con achegas de traducións dos fraseoloxismos noutras linguas, o que permite ao alumnado recorrer toda a cadea lingüística dos fraseoloxismos, desde a L1 (lingua materna) ata a L2 (lingua estranxeira). Isto dálle un valor didáctico engadido a este método.
- Dentro da organización global, cada unidade didáctica complétase ao final cun glosario das unidades fraseolóxicas traballadas nelas, unidades fraseolóxicas clasificadas tematicamente, coas súas definicións, exemplos e sinónimos. Esta organización permitirá ao alumnado acceder á información fraseográfica destas unidades sen ter que recorrer aos dicionarios, o que axilizará o seu traballo á hora de facer os exercicios, resolvendo as súas dúbidas no momento. Estes glosarios parciais complementáanse cun glosario final que ten un sistema de referencia ás unidades didácticas nas que aparecen, dentro da liña máis rigorosa da tradición romanística.

A achega máis relevante dentro deste apartado fraseográfico é o da sección “Achegas do usuario”, que deixa aberta aos estudantes a posibilidade de ampliar a relación de unidades fraseolóxicas e das paremias con expresións que poidan atopar, propiciando dese xeito a continuidade do propósito inicial deste manual, é dicir, que os estudantes acaben por interesarse pola fraseoloxía galega e sigan aprendendo pola súa conta.

Finalmente, as referencias bibliográficas proporcionadas ao final do método, organizadas en lexicográficas, primarias e secundarias para cada unha das unidades didácticas con suxestións de lectura, confírenlle a esta obra un grao de credibilidade elevado ao ser concibida a partir da investigación realizada polos especialistas en fraseoloxía e paremioloxía.

En definitiva, a obra *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega* leva ben o seu nome (*dar trela* ‘animar’, ‘deixar liberdade para facer’, ‘dar confianza para falar moito e sen preocupación’, ‘dar conversa’ e incluso ‘acceptar o galanteo dun namorado’, como se indica no Introducción, p. 15) e aspira a ser un referente na fraseodidáctica do galego. En efecto, este volume, editado pola Xunta de Galicia no seu centro de investigación para as humanidades, o Centro Ramón Piñeiro, non só constitúe un produto editorial, que o é, senón que é unha obra produto da investigación máis rigorosa, e polo tanto, con toda a garantía para os docentes de lingua galega, en calquera dos centros onde traballen, de estar diante dun material da máxima calidade.

M<sup>a</sup> Isabel González Rey  
Universidade de Santiago de Compostela

